



DONA PILAR FERNÁNDEZ ALONSO, SECRETARIA DO CONCELLO DE TUI,

CERTIFICA: Que o Pleno da Corporación municipal, na súa sesión ordinaria realizada o **25 de novembro de 2021** e no punto 6º da orde do día relativo a **“Expediente 2461/2021. Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais de data 18/11/2021, favorable á proposta de Alcaldía de data 15/11/2021, relativa á aprobación inicial da ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado gratuíto (zona azul gratuíta)”** adoptou o seguinte acordo:

6º.- Expediente 2461/2021. Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais de data 18/11/2021, favorable á proposta de Alcaldía de data 15/11/2021, relativa á aprobación inicial da ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado gratuíto (zona azul gratuíta).

Visto o ditame da Comisión Informativa Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais de data 18/11/2021, favorable á proposta de acordo do seguinte teor:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO GRATUITO (ZONA AZUL GRATUITA).

Exp. 2461/2021

Vista a providencia de Alcaldía de data 15/11/2021, de incoación do expediente de aprobación de Ordenanza Reguladora do Estacionamento con horario limitado gratuito (zona azul gratuita), segundo proposta de ordenanza adxunta.

Considerando que a ocupación da vía pública co estacionamento de vehículos, supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido, e considerando oportuno e necesario facilitar o aparcamento ao maior número posible de veciños, veciñas e visitantes, introducindo factores de rotación nas prazas de estacionamento das rúas mais céntricas co ánimo de conquistar a máxima utilización posible e acercar o máximo posible o acceso ó centro urbano e ó comercio local.

Considerando así mesmo oportuno e necesario substituír o sistema de disco horario por un sistema de ticket comprobante do horario, en aras a facilitar o acceso ao estacionamento e tendo en conta que os tickets se obterán por medio de máquinas expendedoras instaladas na vía pública convenientemente sinaladas.

Considerando as competencias municipais recoñecidas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)_ g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade)_ e no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

Á vista do anterior esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte ACORDO:





PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente a Ordenanza reguladora do Estacionamento con horario limitado gratuito (zona azul gratuita), segundo texto de data 15/11/2021.

SEGUNDO.- Ordenar que o presente acordo se expoña ó público, xunto co texto da ordenanza aprobada inicialmente, mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui e no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do Concello, polo prazo de trinta días, a efectos de que os interesados poidan presentar as alegacións que consideren oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

TERCEIRO.- De presentarse reclamacións en prazo resolveranse expresamente polo Pleno da Corporación, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase automaticamente a definitivo, entrando en vigor a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei Reguladora das Bases do réxime Local.”

.../...

A continuación pola Alcaldía sométese a votación o ditame da comisión informativa de data 18/11/2021 en relación ao asunto de referencia, que **se aproba por nove (9) votos a favor** (8 do PSdG-PSOE e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto), **cinco (5) votos en contra** (3 do PP, 1 de Ciudadanos e 1 de José Manuel Palacín Rodríguez do GMixto) e **dúas (2) abstencións** (2 do BNG).

En consecuencia o **Pleno da Corporación acorda:**

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente a Ordenanza reguladora do Estacionamento con horario limitado gratuito (zona azul gratuita), segundo texto de data 15/11/2021.

SEGUNDO.- Ordenar que o presente acordo se expoña ó público, xunto co texto da ordenanza aprobada inicialmente, mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui e no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do Concello, polo prazo de trinta días, a efectos de que os interesados poidan presentar as alegacións que consideren oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

TERCEIRO.- De presentarse reclamacións en prazo resolveranse expresamente polo Pleno da Corporación, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase automaticamente a definitivo, entrando en vigor a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei Reguladora das Bases do réxime Local.

E para que así conste, aos efectos oportunos e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 ROF, emito a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

